


Publicacións

Manuel Leiras Pulpeiro (1854 -1912). O poeta e o cidadán ao cabo dun século



Publícanse as actas que recollen as intervencións nas *Xornadas arredor de Leiras Pulpeiro (1854-1912). O poeta e o cidadán ao cabo dun século* que tiveron lugar en Mondoñedo entre os días 9 e 11 de novembro de 2012 con motivo do centenario do pasamento de tan ilustre mindoniense.

Aquelas xornadas e esta publicación, promovidas ambas polo concello de Mondoñedo, a área de Cultura e a vicepresidencia primeira da Deputación de Lugo, contribuirán decisivamente a recuperar e dar a coñecer a obra e o pensamento, actual e necesario, deste home sabio, valente e, probablemente, irrepitible. Un “médico dos pobres” republicano federalista, laicista e filántropo, defensor da lingua, estudoso das tradicións, belixerante cos poderosos.

A edición destas actas foi coordinada por **Xe Freyre** e **Abel Vigo García**, edita o Servizo de

Publicacións da Deputación de Lugo e dá luz a traballos asinados por **Xe Freyre, Andrés García Doural, Xosé Manuel González Reboredo, Antón X. Meilán, Isabel Morán, Camiño Noia, Antonio Reigosa, Ramón Reimunde, Armando Requeixo, Alicia Tella-Villamarín e Xosé Ramón Veiga.**

Algúns dos traballos publicados ([véxaxe índice](#)) xiran arredor da produción de carácter etnográfico e antropolóxico de Leiras, aínda que se podería afirmar con absoluta rotundidade que todo o que fixo reflicte a súa profunda preocupación polo ser humano, considerando todos os aspectos posibles.

Documentación complementaria:

»*Polos camiños de Leiras* (Vídeo montaxe de Matías Nicieza)

Manuel Leiras Pulpeiro (1854 -1912). O poeta e o cidadán ao cabo dun século (Índice)